

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO CONCELLO DE MUXÍA PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR

CURSO 2020/2021

1.- OBXECTO E FINALIDADE

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión, polo Concello de Muxía, das axudas para a adquisición de material escolar dirixidas a alumnos e alumnas matriculados/as en centros educativos do municipio nos que se impartan ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria ou en centros públicos de Bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia

Estas axudas inclúense no PLAN DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DE MUXÍA COVID-19 e teñen como finalidade paliar os efectos negativos da crise sanitaria do coronavirus sobre o tecido económico e social do noso municipio, así como promover o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e colaborar coas familias para facer fronte aos gastos derivados da escolarización das/dos seus fillas/os, entendendo por tales a compra de material escolar.

No concepto de material escolar inclúese:

- Material funxible (bolígrafos, rotuladores, cadernos, carpetas, lápices, gomas de borrar, afialapis, etc.)
- Material de debuxo e material musical
- Mochilas, estoxos e mandilóns escolares

2.- PERSOAS BENEFICIARIAS E REQUISITOS

Para optar ao beneficio de bolseiro/a deberán reunirse os seguintes requisitos:

- A solicitude será formulada polo pai, nai ou titor/a ou representantes legais dos menores que se encontren escolarizados nos centros públicos de ensino infantil, primaria e secundaria de Muxía ou en centros públicos de Bacharelato de Galicia.
- Estar empadroadado/a no concello de Muxía tanto o/a alumno/a como a persoa solicitante da axuda e convivir no mesmo domicilio.
- Estar matriculado o/a alumno/a para o curso escolar correspondente á convocatoria nun centro educativo público de educación infantil, primaria ou ESO do municipio de Muxía ou en centro de Bacharelato da nosa Comunidade Autónoma.
- Presentar a solicitude e a documentación necesaria nos prazos estipulados.
- Non ser debedor da Facenda Municipal, autonómica e estatal.
- Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario e coas obrigas que iso supón, tal e como se establece na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

O orzamento das bolsas convocadas para o curso escolar 2020/2021 irá a cargo a unha aplicación presupostaria creada a tal efecto.

Os importes das bolsas serán os seguintes:

Alumnado de Educación Infantil100 € por solicitude

Alumnado de Educación Primaria100 € ""

Alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria100 € ""

Alumnado de Bacharelato.....100 € ""

COMPATIBILIDADES

Ser beneficiario/a destas axudas do Concello de Muxía será compatible con calquera outra axuda para a mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que os gastos sexan superiores á suma das subvencións recibidas, das cales terán que presentar xustificante, e non podendo xustificar os mesmos gastos para as diferentes subvencións.

4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación será de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOP, a través da "Base de Datos Nacional de Subvenciones".

Farase unha solicitude por cada alumno/a.

As solicitudes e toda a tramitación das axudas farase de forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Muxía (accedendo desde a web www.concellomuxia.com na sede electrónica- apartado de subvencións-, ou dende sede.muxia.es)

5.- DOCUMENTACIÓN A XUNTAR

Xunto co formulario de solicitude achegarase telemáticamente a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I./ tarxeta de residente/pasaporte dos pais ou titores.
- Certificado de número de conta bancaria na que será titular a persoa solicitante
- Resgardo de solicitude de matrícula no centro educativo correspondente do noso municipio ou en centro de bacharelato da nosa Comunidade Autónoma.
- Declaración responsable de non ter débedas coas Facendas local, autonómica e estatal.

6.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

As axudas serán adxudicadas ás persoas solicitantes que reunindo os requisitos presenten a documentación requerida axustándose á forma e prazo.

7.- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES

No caso de que a documentación achegada polos solicitantes estea defectuosa ou incompleta, requirirase aos interesados para que no prazo de 10 días poidan presentala, con indicación de que de non facelo así se lles terá por desestimada a súa petición.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, éstas serán valoradas polo Concello de Muxía conforme aos criterios establecidos no apartado anterior.

Seguidamente procederáse á súa resolución e publicación no taboleiro de anuncios e na web municipal da listaxe provisional de solicitudes, concedidas e denegadas, contra a que se poderán interpor reclamacións durante un prazo de dez días naturais.

Finalizado este prazo será aprobada e publicada a listaxe definitiva, coa que se entenden contestadas as reclamacións presentadas.

8.- PAGAMENTO DAS AXUDAS CONCEDIDAS

O pagamento farase por transferencia bancaria na conta do solicitante e nun único pago logo de presentadas as facturas xustificativas do gasto

